

A actividade florbeliana sobre o texto literario

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario

Resumo da conferencia de Concepción Delgado Corral sobre Florbela Espanca no Coloquio Internacional organizado pola Universidade de Évora en Vila Viçosa.

Abstract

A summary of the talk by Concepción Delgado Corral on Florbela Espanca at the International Conference organised by the University of Évora in Vila Vicosa.



Do 6 ao 8 de decembro do ano 2011 tivo lugar en Vila Viçosa o Coloquio Internacional sobre unha das máis grandes poetas portuguesas: Florbela Espanca. Organizado pola Universidade de Évora coa axuda dos Amigos de Vila Viçosa, a cidade alentejana, o centro máis importante do mármore en Portugal, reuniu os investigadores da obra da autora nada na vila ducal, solar dos Branganças, o 8 de decembro de 1894.

Despois da conferencia de apertura da profesora da Universidade brasileira Federal de Sergipe Maria Lúcia Dal Farra tiveron lugar as intervencións do catedrático da Universidade de Coimbra José Carlos Seabra Pereira, o profesor Chistopher Gerry da Universidade de Tras-os-Montes e Alto Douro, o profesor Derivaldo dos Santos da Universidade Federal do Rio Grande do Norte do Brasil. Concepción Delgado Corral Fechou o programa da tarde do día 7 de decembro cunha conferencia en portugués da que publicamos aquí un resumo en galego

O ambiente onde se movía esa personalidade complexa e diferente que era Florbela Espanca tórnase punto de peregrinación para os estudosos da súa obra sempre na procura de novos datos, e tamén para aqueles lectores que teñen da vida e da obra un extenso coñecemento popular. Os organizadores deste Coloquio Internacional a ela dedicado, ao escoller como sede o lugar onde naceu, conseguiron que Vila Viçosa penetrase a través dos circuitos de internet en blogs literarios de grupos de investigadores de diversos lugares de tal maneira que, aínda descoñecendo o sitio e a autora, o interese por ambos os

* **Concepción Delgado Corral**, betanceira, é doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrática de Lingua e Literatura do instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.



dous comezou. Así podemos afirmar que hoxe hai máis persoas no mundo que saben quen é Florbela Espanca e onde está ese lugar onde o mundo chámase Vila Viçosa.

A autora alentexana ten unha única vocación que é a de ser escritora. Mais tamén é unha escritora consciente do seu traballo, que reflite sobre a obra literaria e sobre a súa propia obra, ofrecéndonos unha especie de poética e unha visión crítica non exentas de interese.

A relación que a súa obra mantén coa obra de outros autores como Anto, o poeta como un ser superior, a inspiración e o traballo, a poesía como coñecemento e como comunicación, a insuficiencia da linguaxe e o papel da muller poeta, son os temas importantes que preocupan a Florbela e que aparecen de forma fragmentaria en diferentes escritos: cartas, diario, contos, e principalmente nos propios poemas transformados en auténtica metapoética onde o *eu* se volta sobre a propia poesía á maneira dunha conversa consigo mesmo ou na procura da comunicación co lector.

É o obxectivo do noso traballo escrito para publicar o seguimento destes pensamentos poéticos e súa plasmación na obra. Agora concentráremos en algun resultado importante que emerxe deste seguimento e comentaremos unha experiencia da recepción da obra florbeliana. Finalmente situaremos a Florbela como crítica.

A preocupación de Florbela pola forma da súa obra coincide co que Camilo José Cela afirmaba da obra do escritor mexicano Max Aub na semblanza que o escritor español fixo como despedida na súa morte: «el arquetipo del escritor químicamente puro, del hombre que amaba, en este duro oficio, desde la palabra que se dice hasta el tipo y cuerpo de letra con que se dice a los demás». A escritora alentexana, así como Max Aub e tantos outros autores, preocúpase pola materialidade da obra, incluíndo impresión e todo o que ten que ver coa publicación dos seus libros, desde o tipo de grafía ata a disposición dos poemas na páxina e tamén o lugar que deben ocupar no libro ao que pertencen.

Sen dúbida, Florbela gustaría de revisar toda a súa obra, tanto a poética como a narrativa e as cartas, mais os problemas que tivo para publicar e a súa repentina morte impedíronllo. Así a publicación dunha boa parte da obra e o proceso de fixación do corpus florbeliano comezaron despois de morta tendo que participar nese traballo varias mans.

Se o desexo de examinala non pode ser realizado, a incompreensión e o silencio de boa parte da crítica do seu tempo vense actualmente compensados pola publicación da obra completa que, como toda obra, pode provocar aceptacións e rexeitamentos, mais o importante é que todas as críticas dan orixe a inúmeros estudos que a complementan e constitúen con ela unha unidade que, xuntamente coas súas calidades poéticas, fan de Florbela unha das autoras máis lidas non só en Portugal senón tamén alén das súas fronteiras.

Coincide con Aristóteles e cos románticos na consideración da poesía como camiño para o coñecemento da realidade do ser de tal forma que a procura do *eu* e da súa realidade constitúen unha especie de poética do coñecemento. O estudo da obra ofrece aspectos da realidade florbeliana e neste sentido percebemos o que Darío Villanueva denomina *realismo intencional* [Villanueva, 1992: 182-191] mas nunca se sacrifican as posibilidades e o valor da palabra en favor da realidade. O realismo está contido pela técnica de suxerir e non dicir, pela propia contención que fornecen as formas breves como a cuadra e o soneto, pola concepción da linguaxe como insuficiente para expresar todo o que o *eu* poético múltiplo sente e por unha certa ironía e ambigüidade presentes em moitas composicións.

Hai moito de factual na obra poética de Florbela, mais tamén hai moito de ficcional nas cartas porque acontece que toda a obra, incluíndo as cartas, se caracteriza por presentar un suxeito feminino cun mundo psíquico e afectivo problemáticos, que se move sempre entre a literatura e a vida, quer directamente mediante unha primeira persoa no caso da obra poética, diario e cartas, ou a través dos personaxes dos contos.

En certa medida Florbela coincide con Pessoa nunha creación imaxinaria onde o elemento vida sofre unha transformación pola cal non se pode identificar totalmente con ela mesma aínda que dela parta. Por tanto debemos prestar moita atención ás apreciacións da autora xa que poden axudar á valoración da obra, mais tamén poden tornar o traballo máis complicado e confundir os lectores que nos aproximamos á realidade da obra como a *verdadeira* realidade.

A obra de Florbela procura tamén a comunicación cos lectores. A súa poética centrada na autoexpressión concede moita importancia á relación entre o emisor da mensaxe e o receptor que actualiza esa mensaxe. Ao considerar o diálogo como a mellor maneira para chegar á autocompreensión, utiliza esta estrutura en boa parte da súa obra, no que coincide coa tradición socrática e Habermas. Mais mesmo cando non adopta esta forma, participa da afirmación de Guillermo de Torre para quen escribir é substancialmente comunicar, transcender do *eu* ao *tu*, desexo que se manifesta nas cartas, na obra narrativa e na poesía.

Esa necesidade de comunicación de Florbela levounos a verificar a recepción da poesía e a súa actualidade. Partimos de unha experiencia en salas de aula con alumnos estudantes



de literatura universal a quen entregamos composicións poéticas de autores diversos entre os que figuraban varios sonetos de Florbela. Sen saber nada da súa vida as lectoras -eran todas mulleres de 17 anos-, preguntadas sobre cal era o poeta que máis as impactara, responderan sen dubidalo que Florbela. A segunda cuestión era o porqué. Coincidían nas súas respostas na percepción dun contido indeterminado, na presenza dun eu conflictivo e na procura da comunicación como um medio de autoafirmación.

As avaliacións eran imparciais ao non estar condicionadas pola imaxe da autora, e nas interpretacións, tendo un bo coñecemento da forma do soneto, inaugurada no século XIII na Sicilia por Giacomo Notaro da Lentino, recoñecían o bo manexo dunha forma que limitaba o contido e que axudaba así a unha idea preconcebida de indeterminación. Nisto consistía para as receptoras o éxito dos poemas e convertía a lectura nun traballo de descuberta, obrigándoas a estar totalmente activas perante o que se lles presentaba como unha necesidade: dar un total acabamento ao eu a quen as múltiples proxeccións non lle aseguran a comprensión. Era a constatación consciente e a afirmación de que entrarán no hábil xogo da autora ao estar presas na forza paradóxica da súa poética entre a ficción e a manifestación de sentimentos propios.

Acabamos a experiencia coa lectura da carta de 28-10-1930 a Battelli, onde Florbela contempla o feito de a súa obra ser comprendida por algunha xente e así pasar á posteridade:

Se algum dia, quando morrer, os que cá ficarem, acharen que eu vali alguma coisa, têm que lhe agradecer também a si, meu grande amigo, que tornou possível o meu grande desejo de ver os meus versos compreendidos e sentidos por algumas almas que, doutra forma, estou disso convencida, os não sentiriam nunca.

As nosas lectoras non se consideran separadas da obra poética polo tempo, mais polo contrario, suscita nelas un grande interese co que o éxito da recepción é total e confirma a plena actualidade da obra florbeliana. Alén diso están entre as moitas almas que hoxe gozan os seus versos facendo posíbel o grande desexo da autora de publicar para ser lida e acaso comprendida.

Florbela polas reflexións críticas que fai entra na categoría de poetas como Baudelaire quen afirmaba que todo grande poeta chega a ser, naturalmente, crítico. Estando fóra de causa a cualidade intrínseca da obra poética, o éxito da recepción axuda tamén a que hoxe Florbela adquira um relevo de primeira grandeza.

Para concluír temos que afirmar que a actividade de Florbela en relación á obra literaria móvese entre a crítica académica que remonta aos sofistas gregos, falando da comprensión do texto, das fontes, e enxuzando os resultados estéticos, e a crítica que Northop Frye chama de *crítica pública* ou *militante* equivalente ao papel do lector que emite comentarios da obra sen distanciarse dela, o que corresponde ao *impresionismo* localizado por Alfonso Reyes no grao máis baixo da escala crítica e que fornece intuicións moi válidas, absolutamente necesarias e que ademais son a base para un estudo máis rigoroso [vid. Torres (ed.), 1962].

BIBLIOGRAFÍA

- FRYE, NORTHOP, 1957, *Anatomy of Criticism. Four Essays*. Princeton: Princeton University Press.
 FRYE, NORTHOP, 1986, *El camino crítico. Ensayo sobre el contexto social de la crítica literaria*, Madrid: Taurus.
 VILLANUEVA, Darío, 1992, *Teorías del realismo literario*, Madrid.
 VILLANUEVA, Darío, 1991, «Camilo José Cela: perfil insólito del escritor», en *Camilo José Cela. Palabras en libertad*. Homenaje a Camilo José Cela. Paraninfo.